

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS
UNIVERSITARIAS DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE
ALIMENTARIA PARA A XESTIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS
DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA**

En Santiago de Compostela a 19 de decembro de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, D. José Manuel García Vázquez, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, en adiante “*BUGalicia*”, actuando en nome e representación deste organismo de acordo co artigo 2.1.5 dos estatutos do consorcio, publicados pola Resolución do 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación de Calidade do Sistema Universitario Galego; pola que se fai público o convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006, entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte; a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, e a Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia así como as tres universidades de Galicia para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e dos estatutos do citado consorcio (DOG 176; do 12 de setembro de 2006).



Doutra parte, o ente público Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL) adscrito á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, con CIF Q1500322A e domicilio social en Pazo de Quián s/n, 15881, Sergude, Boqueixon - A Coruña (en diante INGACAL) e na súa representación D. Tomás Fernández-Couto Juanas, director do INGACAL; actuando en nome e representación do citado ente público, por delegación da presidenta do INGACAL, segundo resolución da Presidencia do 24 de abril de 2013 (DOG 3 de maio de 2013), de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do INGACAL; e do decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do INGACAL (DOG nº 18, do 18 de xaneiro de 2007).



Ámbalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que BUGalicia é unha entidade pública que, de acordo cos seus estatutos, concibiuse esencialmente para mellorar a calidade dos servizos das bibliotecas das universidades galegas a través da cooperación entre bibliotecas tendo como obxectivos, entre outros, o de crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais, e de adquirir recursos documentais a través de contratos de subministracións de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres Universidades, incrementando deste xeito a efectividade da investigación e da ensinanza ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles.

SEGUNDO.- Que a aparición das tecnoloxías da información e da comunicación, e o uso xeneralizado das redes de comunicación, propician un aumento da demanda de publicacións en soporte dixital. A información en formato electrónico facilita a difusión dun amplo volume de información a maior número de usuarios.

Así, as adquisicións de recursos electrónicos por parte das universidades adoita realizarse a través de licenzas de acceso a publicacións favorecendo a cooperación bibliotecaria, e mellorando a eficacia grazas á unión de institucións co fin de optimizar os recursos comúns e rendibilizar as inversións.

As revistas científicas constitúen un dos principais vehículos de transmisión e validación dos coñecementos científicos e dos resultados da investigación, e na actualidade os editores científicos están a facilitar o acceso en liña ao texto completo de grandes conxuntos de revistas electrónicas. Do mesmo xeito, as bases de datos, ao referenciar estas e outras publicacións científicas e técnicas, tamén desempeñan un papel importante na difusión e organización do coñecemento científico e a investigación.

TERCEIRO.- Que en reunión de Consello de Goberno de BUGalicia procedeuse á admisión de novos membros, denominados membros asociados. Sendo a súa definición e finalidades as seguintes:

Pode ser membro asociado calquera administración pública ou organismo ou entidade pertencente a esta *-calquera que sexa a fórmula xurídica que adopte-* sempre que se dedique á investigación na súa acepción máis ampla; e para iso estea disposta a colaborar con BUGalicia na contratación daquelas solucións tecnolóxicas que poidan ser necesarias ou beneficiosas para desenvolver as funcións encomendadas, especialmente aquelas que se refiran á cooperación interbibliotecaria e a calidade dos seus servizos, a través de:

- Adquisición de recursos documentais, ben sexa mediante o establecemento de plans cooperativos de adquisición e/ou de contratos de subministro de publicacións mediante convocatorias públicas comúns.
- Crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais (soporte técnico de acceso aos recursos a través de BUGalicia).
- Experimentar e fomentar a aplicación de novas tecnoloxías da información aos servizos bibliotecarios.

Dado que a definición de membro asociado non leva consigo ser membros de pleno dereito, nin ter ningún poder de decisión dos órganos de goberno ou calquera outro do citado consorcio que non sexa a colaboración e cooperación anteriormente indicada; non leva aparelado por si mesmo ningún gasto nin contraprestación económica para ser membro asociado, debendo concretarse estes en virtude dos convenios de colaboración que se vaian realizando, podendo realizarse un protocolo xeral de actuacións para posteriormente concretarse cada unha das súas actuacións en convenios singulares, onde si se establecerán as prestacións económicas necesarias para cumprir a finalidade obxecto de convenio.

CUARTO.- Que o obxectivo fundamental de BUGalicia é a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria, redundando nunha xestión eficiente e racional dos fondos dispoñibles para elo.

Nesa liña e entre outros, o INGACAL, solicitou a súa incorporación como membro asociado; o que foi aprobado na reunión do Consello de Goberno de data de 6 de maio de 2015.

QUINTO.- Que o INGACAL é un ente de dereito público, adscrito á Consellaría do Medio Rural, creado no ano 2005, pola Lei 2/2005 do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

O obxecto do INGACAL é a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario. Así mesmo o INGACAL é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

A actividade do INGACAL céntrase fundamentalmente nas seguintes:

- Desenvolver a investigación agrícola, gandeira e alimentaria.
- Impulsar o desenvolvemento rural e a transferencia tecnolóxica.
- Promocionar e protexer a calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.
- Facilitar o funcionamento dos consellos reguladores na xestión, control e certificación dos produtos acollidos a denominacións de calidade.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e o INGACAL na xestión e a posta a disposición dun amplo abano de recursos de información científica en liña, que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Para tal fin realízase unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico a través de BUGalicia que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual, como un só ente diante do editor, o que reforza a capacidade de negociación á hora de obter beneficios no trato e unha mellora orzamentaria nos acordos de adquisición de información electrónica.

Esta colaboración posibilita que bibliotecas, centros de investigación e institucións educativas se beneficien dos servizos consorciados e da función de BUGalicia como central de compras, participando das licenzas de acceso contratadas por BUGalicia descritas no presente Convenio.

Polo presente convenio, BUGalicia xestionará para o INGACAL, as seguintes prestacións de acceso aos recursos e servizos:

- Contratación da subscrición ao subministro das revistas electrónicas de Elsevier ScienceDirect a anualidade 2018 (*dentro do acordo plurianual 2016-2020*).
- Contratación da subscrición ao subministro das revistas electrónicas de Wiley para a anualidade 2018 (*dentro do acordo plurianual 2017-2019*).
- Contratación da subscrición ao subministro das revistas electrónicas de Springer para a anualidade 2018 (*dentro do acordo plurianual 2018-2020*).
- Contratación da subscrición ao subministro da ferramenta de acceso ás revistas electrónicas, SFX.
- Custo estrutural en contraprestación a:
 - Xestión administrativa das contratacións.
 - Soporte técnico de acceso aos recursos obxecto de colaboración.
 - Acceso ao xestor de recursos electrónicos (ERM) de BUGalicia.

SEGUNDA.- OBRIGA DAS PARTES

O INGACAL asume expresamente os permisos e condicións, así como o bo uso das licenzas nas que vai a participar. Así mesmo comprométese a non conceder acceso aos recursos electrónicos a persoas alleas ao INGACAL, reiterando o cumprimento estrito ao indicado nas licenzas. Tamén se compromete a preservar a confidencialidade de toda a información que obteña a través de BUGalicia, salvo consentimento expreso e escrito deste último, sendo todo iso motivo causalizado do presente convenio.

BUGalicia asume a tramitación e contratación, conforme a normativa legal en materia de contratación administrativa -texto refundido da Lei de contratos do Sector Público- e o seu regulamento e demais de aplicación- para a adquisición dos recursos obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- ORZAMENTO

O INGACAL contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de **31.825,27 euros (IVE engadido)**, con cargo á aplicación orzamentaria de **13-A2 561A 641.0 2014 00010**, consignada no presuposto anual de 2018, a cal transferirá unha vez asinado este convenio.

As partidas que conforman o montante total do convenio proceden dos conceptos:

- 19.279,81 € - ELSEVIER ScienceDirect do ano 2018
- 2.505,33 € - WILEY do ano 2018
- 6.376,70 € - SPRINGER do ano 2018
- 385,11 € - Ferramenta SFX do ano 2018
- 3.278,32 € - Custo estrutural a BUGalicia do ano 2018

A tramitación deste expediente acóllese á Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes de 27 de novembro de 2000, e 25 de outubro de 2001, que regulan a tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que a aprobación do expediente queda condicionado á efectiva existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos definitivos da Comunidade Autónoma para 2018.

O INGACAL abonará o importe estipulado nun pago único anual coa cantidade que lle corresponda segundo o anterior, mediante transferencia á conta **ES29 0238 8102 7106 0011 5289**, nun prazo dun mes logo da firma do presente Convenio.

De existir algunha variación no custo estimado dos recursos elaborárase unha addenda correctiva.



CUARTA. - VIXENCIA

O prazo de vixencia deste convenio será dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.



Non obstante, se o desenvolvemento do convenio fose satisfactorio por ambas partes, na liña de facilitar as licencias necesarias, aforro de custo e a intercomunicación entre os membros de BUGalicia, favorecendo así unha liña de investigación continua, as partes poderán formular addendas ó presente convenio, corrixindo ou prorrogando a súa vixencia antes de que chegue a data do seu remate.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e interpretación do presente convenio de colaboración, créase unha comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes de BUGalicia (dos cales un exercerá as funcións de presidente desta comisión), e dous representantes do INGACAL.

A comisión de seguimento non ten obriga de efectuar reunións periódicas, e poderá reunirse a petición de calquera das partes cun aviso previo por escrito de 10 días naturais. O lugar de reunión será nas instalacións de BUGalicia.

O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustaranse ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A comisión terá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do acordo.
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento deste convenio.

SEXTA.- RESOLUCIÓN

As partes poderán modificar antes da data de remate da súa vixencia, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o convenio en calquera momento.

Será causa de resolución do convenio o incumprimento, reiterado e manifesto, das obrigas de cada unha das partes que comunicará formalmente á outra.

SÉTIMA. - XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

Se é o caso, as partes contratantes someterán as diverxencias e conflitos de atribucións que puidesen presentarse ás persoas titulares dos organismos intervintes, e no caso de discrepancia, daráselle traslado ao Consello da Xunta de Galicia para a súa resolución ao abeiro do artigo 13-5º da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lei 16/2010, do 17 de decembro).

OITAVA .- AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade de canto antecede, as partes comparecentes asinan por triplicado o presente documento no lugar e datas indicados no encabezamento.

Por BUGalicia,
o Presidente do Consello de Goberno:



D. José Manuel García Vázquez

Polo INGACAL,
o Director ¹:



D. Tomás Fernández-Couto Juanas

¹ D. Tomás Fernández-Couto Juanas, director do INGACAL; actuando en nome e representación do citado ente público, por delegación da presidenta do INGACAL, segundo resolución da Presidencia do 24 de abril de 2013 (DOG 3 de maio de 2013), de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do INGACAL; e do decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do INGACAL (DOG nº 18, do 18 de xaneiro de 2007).